

## ACTA DO XURADO DA 6ª EDICIÓN DOS PREMIOS *EDUCACOMPOSTELA 2008*

Logo da convocatoria do Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela e o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, para elixir as persoas galardoadas na VI edición dos Premios Educacompostela, creados co obxecto de recoñecer, promover, premiar e difundir aqueles materiais educativos que polo seu valor e interese poidan contribuír ao desenvolvemento educativo de Galicia, favorecendo a innovación, a calidade na educación e a renovación pedagóxica, reúnen no salón de plenos os seguintes membros do xurado:

**Guadalupe Rodríguez Silva**  
Concelleira Delegada de Educación  
Presidenta

**Antonio F. Rial Sánchez**  
Director do Departamento de Didáctica e  
Organización Escolar da USC

**Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez**  
Xefe do Servizo de Educación e Mocidade  
Secretario dos Premios

**Gonzalo Anaya García**  
Director do Centro de Formación e Recursos de  
Santiago

**Rosa Mª Vicente Álvarez**  
Representante de Nova Escola Galega

**Ana María Guerra Cañizo**  
Representante da Asociación Galega de  
Editores

**José Manuel Malheiro Gutiérrez**  
Representante de Nova Escola Galega

**Beatriz Varela Morales**  
Técnica de Educación e Xuventude  
Concello de Santiago de Compostela

Ás 9 horas do día 19 de setembro de 2008, a presidencia abre unha quenda de intervencións para que os representantes antes mencionados expoñan os seus criterios con respecto aos traballos presentados.

Despois das oportunas deliberacións, o xurado acorda o seguinte:

En primeiro lugar agradecer a participación dos diferentes grupos de traballo que concorreron a esta VI Edición dos Premios Educacompostela deixando constancia da calidade, diversidade e importante incremento de participantes, que dá a medida do interese do profesorado de Galicia por innovar e elaborar propostas que poidan servir de modelo ou de guía para o quefacer educativo nas nosas aulas. Quere destacar tamén a variedade e interdisciplinidade de temáticas recollidas nos traballos presentados nesta edición: novas tecnoloxías, literatura, arte, etnografía, memoria histórica, xeografía...

Logo das oportunas deliberacións, o xurado acordou conceder:

**1º premio**, para o traballo titulado "*XOGANDO COA LUZ*"

O grupo de traballo está composto por : Mª Dolores Vázquez Camino, Mª Carmen Sampedro López, Sandra Real Nimo, Mª Fe Taboada Fernández, Sandra Otero Lemos, Laura Valiño Lemos, Mª Ángeles Vidal López.

Comentario: A introdución de experiencias científicas de xeito riguroso dentro da aula co fin de favorecer o descubrimento das relacións entre os distintos obxectos, fenómenos e feitos entre os escolares de educación infantil ( 3- 6 anos) é o obxectivo deste traballo realizado simultaneamente en 6 centros e escolas rurais, e no que participaron un total de 142 alumnos.

En todo momento se reflicte no proxecto a promoción de actitudes propias do coñecemento científico como a curiosidade, respecto polos experimentos, flexibilidade para propoñer ideas, reflexións, sensibilidade co mundo que lles rodea.

Valora tamén o xurado a utilización de diferentes recursos como o visionado de películas, videos de internet, fotografías, lecturas, conversas cos propios alumnos/as, experimentos e debuxos elaborados polos participantes, entre outros.

**2º premio**, para o traballo titulado *“O XOGO DE MACÍAS”*. O grupo de traballo está composto por : Ánxeles Sandino Carreño, Mª Xosé Rodríguez-Moldes Vázquez, Carmen Abril Banet, Carmen Paredes Pérez, Manuel De la Rosa Pérez, Victoria López Rodríguez.

Comentario: O Xurado valorou este xogo multidisciplinar na medida en que representa un interesante recurso didáctico para traballar diferentes materiais do curriculum escolar: literatura, lingua francesa, matemáticas, ciencias da natureza, ciencias sociais, plástica, lingua castelá..

A virtualidade do xogo é que se pode traballar cada especialidade por separado e dun xeito moi dinámico, donde teñen cabida a mímica, a consulta de enciclopedias, dar unha pequena charla, concretar na internet e nos dicionarios, uso de calculadoras, reproductoras de CD e DVD, maqueta do corpo humano, figuras xeométricas e moitos outros, nun intento continuado de propiciar a aprendizaxe lúdica dos destinatarios: alumnos de ESO, Bacharelato, Formación Profesional de Grao Medio.

**3º premio**, para o traballo titulado *“A ESCOLA DE AVÓS ”* presentado por Isabel González Ares e Luisa Diéguez González do IES Puga Ramón.

Comentario: O xurado quere resaltar o interesante traballo presentado que recolle un documental sobre a memoria histórica con testemuñas directas que nos falan da situación da escola na Galicia da posguerra e un material didáctico para traballar o documental co alumnado, Para a súa elaboración contanse con testemuñas dos avós arredor de tradicións, crenzas, oficios antigos, costumes, a escola da súa infancia, entrevistados polos propios alumnos/as do centro, etc.. Contidos considerados moi interesantes polo xurado para traballar co alumnado a memoria histórica.

Destaca a involucración do alumnado e do seu contorno de cara a apertura dunha nova liña de transmisión de contidos e a implicación dos membros da comunidade escolar.

Así mesmo, o xurado decide conceder unha **mención** ao traballo *“1059 imaxes para o estudo da historia da Arte”*

Comentario: A actualización dos recursos e a vinculación das TICS na aprendizaxe da Historia da Arte é o obxectivo deste material didáctico participativo e interactivo recollido nun CD. Nel os profesores/as teñen a man todo o material necesario para a docencia nesta disciplina e os alumnos/as lles facilita o achegamento ás imaxes artísticas dunha materia tan ampla e esixente.

O seu formato permite ser traballado no ámbito formal e non formal dado o carácter intuitivo e o seu doado manexo .

Destaca o modelo pedagóxico utilizado, de colaboración e coordinación alumno/ profesor e interactivo, e baseado tamén nunha aprendizaxe baseada no principio de ensaio- error.

Levántase a sesión ás 13:37 horas.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2008.

O SECRETARIO

Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez

A PRESIDENTA

Guadalupe Rodríguez Silva